



RELATORIO DE POLÍTICA SOCIAL

CONCLUSIÓNS DEFINITIVAS

- I. As novas realidades demográficas e sociais da Galicia exterior, co incremento de poboación produto do proceso extraordinario de recuperación de nacionalidade, comprometen á Xunta de Galicia e ás comunidades galegas no exterior a desenvolver programas no ámbito socioasistencial no conxunto das persoas galegas en situación de necesidade que residen fora da nosa Comunidade Autónoma.

- II. A Comisión insta a intensificar a actuación das comunidades galegas como axentes na detección precoz de posibles problemas sociais individuais e colectivos, que desemboque nunha alerta temperá a aqueles organismos ou organizacións que poden actuar a favor da súa resolución.

- III. A Comisión estima que a Xunta de Galicia debe manter as axudas económicas individuais, que teñen como obxectivo contribuír a paliar a carencia de medios económicos para poder afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria digna para todas as persoas galegas residentes no exterior, e incrementalas dentro das posibilidades naqueles casos de especial vulnerabilidade, coa finalidade de non deixar desatendidos as situacións de especial gravidade, como é o caso de Venezuela.

- IV. Tendo en conta o incremento dos custos de sostenibilidade, derivado dunha poboación cada vez con mais idade, propónse potenciar por



parte da Xunta de Galicia a achega de recursos económicos no exercicio 2016 a aquelas entidades galegas prestadoras de servizos socioasistenciais, con especial atención a aquelas que asisten ao colectivo da terceira idade.

- V. A Comisión propón promover a cooperación das entidades galegas con fins asistenciais para unificar recursos dirixidos a lograr unha coordinación na xestión e eficacia dos medios, experiencias e recursos dispoñibles.
- VI. Formúlase a proposta de fomentar redes de voluntariado por parte das comunidades galegas, especialmente entre á súa xuventude, porque o futuro da galeguidade descansa nos seus ombreiros.
- VII. Potenciar espazos de encontro da xuventude coa realidade socioasistencial que lle é próxima, aproveitándose a experiencia de dous séculos de solidariedade entre os galegos da diáspora.
- VIII. Ínstase á Xunta de Galicia ao reforzo dos programas dirixidos a xuventude: *Conecta con Galicia*, *Aventúrate con Galicia* e aqueles dedicados á formación, para que a mocidade do exterior participe activamente na realidade social da Galicia territorial, e favorecer a súa implicación no seo das entidades galegas do exterior.